

UN PRACTICUM PARA VIVILO

Tres estudantes da facultade de Ciencias da Educación da USC están a realizar o seu Practicum en San Marcos de Colón, Honduras.

A Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, ven de poñer en marcha unha iniciativa pioneira que permite, da man dunha organización galega, realizar o Practicum do seu alumnado en terreo, nun proxecto de cooperación internacional.

Mónica Rodríguez, Stefany M. Sanabria e Lorena Trillo, alumnas do cuarto curso do Grao en Educación Social, pasarán case dous meses en Honduras coa organización Sur en Acción, socia neste país da entidade galega Solidariedade Internacional de Galicia. Durante a súa estadía as alumnas poderán participar das distintas fases dun proxecto de Cooperación Internacional tales como a súa identificación, planificación e implementación.



Saída do Aeroporto de Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020.
De esquerda a dereita: María Paz, Directora de Solidariedade Internacional, Mónica Rodríguez, Stefany M. Sanabria, Silvana Longueira e Lorena Trillo

Con esta iniciativa preténdese que o alumando teña a oportunidade de viaxar a outros contextos e compartir experiencias de traballo con persoas doutras latitudes, adquirindo así esa mirada global que de seguro repercutirá na adquisición de novas competencias no seu quefacer profesional futuro. Nas súas prácticas integrarán elementos teóricos e prácticos adquiridos na súa formación académica, potenciarán as súas capacidades para avaliar a realidade social e planificarán estratexias para a transformación social, ao mesmo tempo que abordarán a prevención, redución ou solución das problemáticas sociais a partir das distintas funcións profesionais da súa formación.

Esta iniciativa, forma parte do proxecto “A Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global (EDCG) na formación dos profesionais da educación: construíndo o ámbito de educación” financiado por Cooperación Galega da Xunta de Galicia ao Grupo de Investigación TeXe e que pretende incluír o desenvolvemento sustentable e as competencias para unha cidadanía global na formación que imparte a Universidade de Santiago de Compostela.



As tres alumnas do Grao en Educación Social coñecendo e recoñecendo o terreo da man do persoal técnico de Sur en Acción

Máis información:

Silvana Longueira Matos, Investigadora Principal do Proxecto. Grupo de Investigación Terceira Xeración. Universidade de Santiago de Compostela.

silvana.longueira@usc.es

María Paz Gutiérrez, Directora de Solidariedade Internacional de Galicia

direccion@solidaridadgalicia.org